



CONCURSO LOGOTIPO

1. Obxectivo

- Deseño dun logotipo destinado a ser a imaxe representativa do Proxecto Erasmus + de Intercambio Escolar **2019-1-ES01-KA229-065656** “Manifestaciones artísticas desde las festividades y tradiciones europeas” en toda a difusión de información sobre o mesmo, a través da Web, blog, etwinning, Mobility Tool + e outros documentos.
- logotipo deberá reflectir a natureza do proxecto, incluíndo un ou varios dos seguintes aspectos:
 - Proxecto Erasmus + de Intercambio escolar
 - Festividades e tradicións europeas
 - Colaboración entre alumnos e profesores
 - Evento educativo multidisciplinar.

2. Participantes

- Poderá participar todo o alumnado matriculado en calquera das seis escolas participantes no proxecto.
- As propostas poderán realizarse de forma individual ou en grupo.
- Cada participante poderá presentar todas as propostas que queira.

3. Condicións técnicas

- Os deseños deberán ser orixinais e inéditos, sendo responsable o autor de que así sexa. Os participantes certifican que o logotipo é froito da súa creatividade persoal, que é o seu propio traballo e que non se infrinxiron os dereitos de autor doutras persoas. Deberán certificar que non utilizaron o traballo de ningunha terceira persoa, por exemplo, fotos ou elementos de deseño que no foran feitos polo propio participante.
- A técnica será libre, podendo realizar o deseño en color ou en branco e negro. Poderá realizarse en papel ou en soporte dixital.

4. Propiedade Intelectual e Dereitos de reprodución

- A propiedade do logotipo premiado se cederá á organización, a cal se reserva todos os dereitos de propiedade e uso das propostas premiadas.
- A organización se reserva o dereito de reprodución mediante os formatos e a través dos medios que considere oportunos, o dereito de modificar o logotipo a fin de optimizalo para a súa posterior impresión, o de adaptar o logotipo cando as características do material ou o obxecto sobre o que se vai a reproducir non permitan facelo de maneira completa, ou tamén o de facer uso por separado dos elementos do logotipo.



5. Presentación de traballos

- Prazo de presentación: O prazo para presentar as propostas finaliza ás 23:59 do día 15 de novembro de 2019.
- As propostas serán entregadas aos titores/as ou mestres encargados da súa recollida de cada unha das seis escolas.

6. Xurado seleccionador e votación das propostas

- Haberá un xurado en cada escola que será o encargado da selección das súas proposta.
- Entre todas as propostas seleccionárase as tres propostas finalistas. De entre estas, elixírase a proposta gañadora cun xurado único formado polos representantes das seis escolas que asistirán á primeira mobilidade durante os días 24 a 30 de novembro no CPI AS MIRANDAS.

7. Premio

- Ao gañador/a se lle otorgará un premio consistente no seguinte:
 - Lote de libros e material informático
 - Diploma acreditativo
- Ao gañador/a se lle recoñecerá a súa autoría de forma expresa nas diferentes plataformas

8. Aceptación das bases

- A participación no concurso leva implícita a aceptación de todas estas bases e o fallo do xurado. Todo caso non previsto nas presentes bases será resolto polo Xurado, comunicándose a cada participante tal decisión.